

Don Ramón Otero Pedrayo e «Os catorce de Osebe»: Dúas cartas de Otero con ocasión da morte de Celestino Luís Crespo

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

Sumario

Estudamos neste traballo a relación de don Ramón Otero Pedrayo con «Os catorce de Osebe». Publicamos dúas cartas pola morte de Celestino Luís Crespo á viúva e á familia.

Abstract

We study in this work the relationship of don Ramón Otero Pedrayo with «The fourteen of Osebe». We publish two letters from don Ramón on the occasion of the death of Celestino Luís Crespo, addressed to his widow and family.

O 27 de novembro de 1956 don Ramón Otero Pedrayo publica en *La Noche* o traballo titulado «Os catorce de Osebe» que, segundo el, eran trece nun primeiro momento: escritores, artistas e periodistas, vellos amigos, integrantes dunha «mesa literaria», os que saíron un día de mediados dese mesmo mes e ano da cidade de Santiago nun tren decimonónico, o último da tarde, cara a Osebe, convertíndose en catorce, que se xuntan para celebrar no val da Mahía o premio concedido polo Colexio Nacional de Doutores e Licenciados ao profesor e escritor Don Benito Varela Jácome polos seus traballos literarios e pola catedra de instituto que acababa de gañar. Será Borobó quen nos informe detalladamente dos bautizados por Otero Pedrayo como «Os catorce de Osebe». Naquel grupo de amigos que constituían «unha tertulia itinerante polas tascas de Casas Reais e da Rúa de San Pedro», o núcleo esencial, que tiña como figura central a Aquilino Iglesia Alvariño, estaba formado por Borobó, Maximino Castiñeiras, Pedro Martul Rey, Rodrigo Patricio, Celestino Luís Crespo, Antonio López Campos, Antonio Cadarso, Vázquez de Calo e o seu fillo Gonzalo Rodríguez Mourullo¹, os outros tres membros eran o homenaxeado e dous invitados de Maximino, promotor e organizador do convite, os veterinarios de Ames e Teo, Juan Marcos e Felipe Carballo. Trece era un mal número e conseguiron converter o número maldito en catorce ao encontrarse na estación de Santiago IgJesia Alvariño e Antonio López Campos co cura párroco de Bamio, coñecido por ser natural da súa parroquia Lola Ferreirós, esposa de Aquilino, e posuír alí unha casa López Campos; Aquilino e Antonio, despois de moito insistir, lograron convencer a este cura, que xa «Sería coñecido para sempre como *Cariña de rosa*», para que se incorporara á succulenta cea que Maximino tiña encargada. A homenaxe foi presentada polo poeta da Mahía Maximino Castiñeiras García, quen fixo unha lembranza do homenaxeado; falou tamén Aquilino Iglesia Alvariño e Pedro Martul, establecendo este último un inxenioso coloquio con Celestino Luís Crespo.

* **Concepción Delgado Corral** betanceira, é doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrática de Lingua e Literatura do instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.

¹ Gonzalo Rodríguez Mourullo, autor do libro *Memorias de Tains* e importante penalista, era o máis novo de todos e prometía ser unha importantísima figura na renovación narrativa que proviña da xeración chamada de *La Noche*.

O grupo de amigos que tiña ao profesor de latín do Instituto Rosalía de Castro de Santiago, Aquilino Iglesia Alvariño, como figura central, constituía unha auténtica mesa literaria de personalidades que podían falar de todo o divino e tamén de todo o humano e que se contraponía, por aberta e nada elitista, ao grupo Galaxia. Para evitar todo tipo de ensoberbecemento ou de pedantería nas exposicións de temas científicos, culturais ou literarios, estaba o talante vital, aberto e nada elitista de Aquilino e sobre todo Celestino, «auténtica válvula de escape para evitar a pedantería», en palabras de Borobó a quen seguimos nesta exposición. Celestino interrompía os razoamentos demasiado serios, utilizando unha frase dun home moi rigoroso no pensar: «Hasta cierto punto», e só até certo punto se podía chegar nas alturas do pensamento nun grupo que podía voar moi alto pero que tamén era consciente da realidade cotiá que frecuentaban, como podemos ver nas palabras escritas por Borobó no *Memorial de Trevonzos*:

Hasta cierto punto... solía interrumpir Celestino algún serio razonamiento, remedando una muletilla de un señor muy riguroso en el pensar. Hasta cierto punto podía llegarse en la conversación literaria, en el diálogo político, en el coloquio intelectual, pero de ahí no se pasaba.

Esta xuntanza de persoas tan significadas da cultura galega, «na longa noite de pedra», chamou a atención de moitos que pretendían saber o que se estaba fraguando alí; fixéronse especulacións sobre unha posíbel manifestación de liberalismo ou de galeguismo, chegando a ser moi grande o interese por esta reunión, en palabras de Borobó, «nun cerebro tan perspicaz» como o do profesor Alonso Montero, e en don Ramón Otero Pedrayo. A raíz disto, despois da celebración polo grupo, nos Salgueiriños, dunha comida en honor de Borobó e Pola, director e subdirector respectivamente do xornal *La Noche*, pretendeuse iniciar unha colección editorial en Santiago de Compostela co título de «Los catorce de Osebe», colección que comezaría cunha selección dos *Anacos* de Borobó, feita polos integrantes, á que seguirían un libro de poemas de Iglesia Alvariño e un libro de ensaios do catedrático de literatura, entón en Palencia, don Xesús Alonso Montero; esta colección non chegou a materializarse aínda que se promoveu a edición do libro de poemas de Aquilino *Leva o seu cantare* cun prólogo de Isidro Conde, publicación feita despois da morte do seu autor.

A reunión de Osebe intrigara tanto a don Ramón Otero Pedrayo que provocou que escribira un poema sobre «Os catorce», feito que nos transmite así Borobó:

La xuntanza de Osebe había intrigado a don Ramón Otero. Su poderosa intuición algo entrevía tras aquella excursión gastronómica más allá del Giro de la Rocha. Que catorce varones, la mayoría de ellos unidos por una amistad indeleble, se diesen cita en Osebe, podía tener en «la longa noite de pedra» un designio inescrutable. Y la inspiracion desatada de Otero Pedrayo veló ese misterio bajo un propósito solamente bromatológico. Volvió a sonar la grandiosa voz poética de don Ramón con las más bufas, burlescas, esperpénticas cadencias de la lengua gallega, las de su oda al “porco”, las de su autoferetrista de *O desengano do Prioiro*, para cantar el apetito cósmico y «enxebre» de «Os catorce de Osebe», como Pedrayo nos bautizó ya historicamente.

Con este poema, entregado a Aquilino Iglesia Alvariño, segundo Borobó, correspondía Otero a un poema anterior que o autor de *Cómaros verdes* lle dedicara; o poema foi entregado por Aquilino a Borobó quen o publicou nas páxinas literarias de *La Noche*:

OS CATORCE DE OSEBE

Chegan no espreso, contentes, graves.
Veñen calados pra o rito antergo.
E a terra escura e os arboredos
marmuran, a eito, con voce esgrevia:
-«¡Son os de Osebe!»
Seu apetito, cósmico, enxebre,
xuntanza rara de graza e forza,
e acende á espreita da papadela.
E o marrau, farto, di no cortello:
-«¡Son os catorce!»
Maquiando a un tempo fortes marmelos,
debullan, mainos, rexas mantenzas.
Mar, terra e ceu enchen súa mesa.
Ten medo o galo. Fuxe a Terneira.
¡Trema a Mahía!

Son licenciados nos soportales,
de aula e de taza mestres compridos.
Hainos estoicos. Ningún dispéptico.
Todos asentan no coro ilustre
da Papatoria.

Saben con tino misturar raxo
-clásica groria do paquidermo-
con loiros poentes das «omelettes»;
e non lles nega sabor de noite
Doña Lamprea.

Son ortodoxos. Son humanistas:
da Celtia e Roma xuntan, podentes,
-cas hermenéuticas dos bos compangos-
a arte fidalga de ir enxoiando
a boa fustalla.
Despois do introito da mesta sopa,
aquecedora ben propodéutica,
veñen tortillas de rica carne;
o rodaballo, cónsul das Rías;
vén a empanada, símbolo nobre
do gran Xelmírez.
E, arredor dela, xurden teorías
ben sufincadas nos viños de ouro:
-«¡celme románico, groria barroca!»...
Para, ó remate, confirmar todos:
-«¡E a raíña Lupa!»
Calo os gulapos longos de viño:
o ledó engado de flans e tartas.
Mais, se o rapsoda cala, abraiado,
do rillar suevo, beber templario,
¡non cala Caló!
¡Calo, e Ortoño, e Bastabales,
terra calmosa, xiro do Apóstolo,
gaban a chama, azul e quente,
e o labio doce, bico de freira,
da gran queimada!
Cinza e poeira han sere as grorias
que hoxe cobizan homes e pobos.
Mais «in aeternum» dirá a Mahía
de quen rillare ó xeito antergo:
-«¡E un dos catorce!»

Existe unha versión en castelán feita por Landeira Yrago en Madrid cando Borobó lles mostra a el e a Blanco Tobío o poema de Otero, versión atribuída por el mesmo a Don Marcelino Menéndez y Pelayo; a explicación desta versión dánola Borobó acompañada da publicación dela no final do artigo citado:

Como Blanco Tobío no estaba habituado a la comprensión del singularísimo idioma de Otero Pedrayo, hizo Landeira Yrago una preciosa versión al castellano. No en balde estaba familiarizado con la escritura de don Ramón, desde los años cuarenta, en que entregaba cada jornada al linotipista Couceiro de La Noche los peculiares ParLadoiros del señor de Trasalba. Tan hermoso, tan horaciano le pareció a Landeira el resultado de su trabajo que atribuyó, entre paréntesis, la traducción a don Marcelino Menéndez y Pelayo. Estupendo anacronismo que causa el asombro de los no iniciados en los arcanos de los catorce de Osebe, los cuales ahora comenzamos a revelar.

Borobó continúa o xogo publicando as estrofas nones do poema de Otero coas estrofas pares da versión de Landeiro, resultando a composición *Os catorce de Osebe* así:

Chegan no espreso, contentes, graves.
 Veñen calados pra o rito antergo
 E a terra escura e os arboredos
 marmuran a oito con voce esgrevia.
 -«Son os de Osebe!»
 Su cósmico apetito, que es castizo
 acorde singular de gracia y fuerza,
 se inflama a tiro de la cuchipanda
 y el puerco, ahito, gruñe en la pocilga:
 -«¡Son los de Osebe!»
 Maquiando a un tempo fortes marmelos,
 debullan, mainos, rexas mantenzas.
 Mar, terra e ceu enchen súa mesa.
 Ten medo o galo. Fuxe a terneira.
 -¡Trema a Mahia!
 Son licenciados en soportales,
 de aula y de taza maestros cumplidos.
 Los hay estoicos. Ningún dispéptico.
 Todos acuden al coro ilustre
 de la panzada.
 Saben con tino misturar raxo
 -clásica groria do paquidermo-
 cos Ioiros poentes das «omelettes»;
 e non lles nega sabor de noite
 Doña Lamprea.
 Son ortodoxos. Son humanistas;
 de Celtia y Roma aúnan, robustos
 -con la hermenéutica de los condumios-

el arte hidalgo de dejar seco
 el buen pipote.
 Despois do Introito da mesta sopa,
 aquecedora ben propedéutica.
 veñen tortillas de rico cerne;
 o rodaballo, cónsul das Rías;
 vén a empanada, símbolo nobre
 do gran Xelmirez
 Y, en torno a ella, surgen teorías
 como apeadas en los vinos de oro:
 «¡Sabor románico, gloria barroca ... !»
 Para, al final, asentir todos:
 - «¡Es la reina Lupa!»
 Calo os gulapos longos de viño
 o ledo engado de flans e tartas.
 Mais, se o rapsoda cala, abraiado
 do rillar suevo, beber templario,
 ¡non cala Calo!
 Calo, y Ortoño y Bastabales,
 tierra nutricia, giro del Apóstol,
 alaban la llamarada azul y cálida,
 y el labio dulce, beso de novicia,
 de la gran queimada.
 Cinza e poeira han sere as grorias
 que hoxe cobizan homes e pobos.
 Mais «in aeternum» dirá a Mahia
 de quen rillare ó oito antergo:
 -»¡É un dos catorce!»

En 1948 Otero Pedrayo reintégrase á cátedra de Xeografía e Historia no instituto ourensán, do que fora dado de baixa como castigo² por unha orde da «Junta Técnica del Estado» do 21 de agosto de 1937. No ano 1950, aos 62 anos, gaña a cátedra de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela. Estes anos, até a súa xubilación en 1958, en palabras del, foron os máis ledos da súa vida. Participa nas actividades do grupo Galaxia, máis elitista que o grupo de *Os catorce de Osebe*. Asiste ás tertulias do Café Español, na rúa do Vilar con vellos galeguistas e mozos agrupados arredor do diario *La Noche*; entre estes cita ao escritor betanceiro Antonio Concheiro:

² Cfr. Xosé Ramón Quintana/Marcos Valcárcel: *Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento*, pp. 23-35.

O meu corazón, o meu ser enteiro, chama apaixonada... está cos mozos, pois a eles debe, como á amizade dos mozos do seu tempo, a felicidade e recompensa das súas horas. Cústame bágoas non estar con eles, e eles ben o saben. Ben o saben Franco e Lugrís, Méndez Ferrín e Beiras, Concheiro e Mourullo, Vidán e os máis, ós que arestora enxergo rubindo **contentes** e graves ó coto croado pola luz inmorrante. ¡Eles chegarán onde nós non fomos cecais dignos de chegar!³

Celestino Luís Crespo trasládase a Santiago en 1955 para impartir aulas no que se chamaba «Escuela Graduada Aneja a la Escuela Normal». Borobó fíchao para *La Noche* e aquí entra en contacto con persoas de tendencias políticas moi dispares; convive co grupo de intelectuais galeguistas que colaboraban tamén no xornal, sendo amigo de todos. Otero comeza as súas colaboracións no xornal compostelán no ano 1947 cos artigos en galego co título de *Parladoiro*. Don Ramón Otero Pedrayo coincidía con Celestino Luís Crespo no xornal compostelán *La Noche* e nas tertulias do Café Español co grupo que o mesmo Otero denominaría como «Os catorce de Osebe» á cabeza do cal estaba o grande poeta humanista, nado en Cotobade, Aquilino Iglesia Alvariño, autor do libro de poesía *Cómaros verdes* que, publicado en 1947, moitos consideraban como o primeiro escrito na posguerra, pero ao que se adianta o seu amigo, o betanceiro Celestino Luís Crespo, con *Brétemas Mariñás*, publicado en 1946, en Betanzos.

O Café Español era o lugar de encontro das tertulias literarias nas que Celestino participaba e a este lugar dedica como xornalista un traballo que publica no xornal: «El Café Bar Español, ventanal abiero de la vida compostelana», onde se manifesta como un gran publicista.

Celestino admira a don Ramón e, na súa xubilación, fai para o xornal unha enquisa sobre a súa figura a tres importantes autoridades de Santiago: o arcebispo, o rector e o alcalde⁴. Otero, despois da súa xubilación regresa a Ourense e a Trasalba.

Celestino Luís estaba enfermo de diabete e tiña que inxectarse insulina. Non se preocupaba moito pola súa saúde, chegando a pesar cen quilos. Sofre un primeiro infarto que motiva un prolongado repouso na casa. O día 19 de febreiro de 1965 pola mañá, cando se dirixía á súa clase da Escola Normal, na rúa do Villar, dálle un segundo infarto que lle provoca a morte. Do hospital foi trasladado á casa de seu pai político en Betanzos, sendo enterrado nesta cidade.

O día 20 de febreiro na portada de *La Noche*, na sección *Anacos*, Borobó publica *En los Caneiros celestes*, sentida e poética crónica dedicada a Celestino, membro dos Catorce como o seu amigo Iglesia Alvariño con quen tanto compartía e morto tamén prematuramente o 29 de xullo de 1961, padecendo a mesma enfermidade de diabete, o seu derradeiro verán no que coñeceu os Caneiros invitado por Celestino. Os Caneiros, lugar amado por Celestino, lembrado todos os anos nas súas crónicas e cita á que, a non ser en casos de enfermidade, nunca deixou de acudir, é agora o lugar da súa derradeira morada:

Ya está en los Caneiros celestes, Celestino. O estará llegando a ellos, Mandeo arriba, navegando por ese plácido Aqueronte que hoy se prolonga desde Betanzos hasta el cielo, para que Celestino Luís haga por él su último viaje...

³ Cita do libro de Xosé Ramón Quintana e Marcos Valcárcel, p.33.

⁴ «En la jubilación de Otero Pedrayo. El Cardenal, el Rector y el alcalde alaban la bondad y el talento del insigne maestro», *La Noche*, 5 de marzo de 1958.




Unha imaxe da festa dos Caneiros de Betanzos, arredor de 1900. Foto: Ferrer (AMB).

Borobó di que o grupo dos Catorce, despois da morte de Aquilino Iglesia Alvariño o 29 de xullo de 1961, non volveu a reunirse en pleno. Lembra a amizade e as simpáticas discusións entre Aquilino, o «poeta mayor ya nimbado por la gloria literaria» e Celestino, o «poeta menor» que, co libro *Brétemas mariñás* (1946), se adiantou un ano ao libro de Aquilino, *Cómaros verdes* (1947).

Por todo o que unía aos dous como boas persoas e poetas, e pola morte prematura que fai que os Catorce sexan nesta hora Doce, a sentida homenaxe de Borobó finaliza coa viaxe de Celestino aos Caneiros celestes, onde o estará esperando Aquilino e a onde, algún día, el espera poder volver a encontralos, reunidos para sempre Os Catorce:

Motivo será para meditar los Doce que de Os Catorce quedamos, que los dos primeros que se han ido a los celestes Caneiros, hayan emprendido el viaje de modo tan súbito. Quiera Dios que algún día podamos reunirnos allí todos, superando todas las leves discrepancias y graciosas obsesiones. Ya que para los que nunca acudimos a los Caneiros terrestres, la gloria la soñamos semejante a la que Veiga Roel fotografía. Que Crespo y Crespo conoció desde muy niño, e Iglesia Alvariño, ya muy maduro, el último verano de su vida conducido por la ancha humanidad de su buen amigo. Y ahora ya estará con Aquilino, en los Caneiros celestes, Celestino.

Desde Trasalba don Ramón Otero Pedrayo, con dor e asombro pola noticia non esperada, envía unha sentida e afectiva carta á viúva de Celestino, dona María Garrido Salorio, a Betanzos, con data do 21 de febreiro de 1965:



Trasalba (Ourense) 23 de febrero de 1965
Sra. Dña. Maria Ugarrido Salvoira Vda. de Crespo
Betanzos

Muy Sra mía de mi mayor respeto:
Acabo de saber con la mayor sorpresa y dolor la noticia de la inesperada desgracia que a Ud y a sus hijos abruma y también a quienes, como yo, hemos disfrutado de la afectuosa amistad de su inolvidable esposo -q. d. t.- arrebatado cuando parecía florecer en la mejor salud. En estas líneas le envío la expresión de la mas verdadera condolencia como tambien a sus queridos hijos deseando para Ud. y para ellos la suficiente serenidad cristiana y la esperanza salvadora de la inmortalidad.

Con tan triste motivo queda de Ud. affectíssimo s. s.
q. b. s. m.
Ramón Otero Pedrayo

Muy Sra mía de mi mayor respeto:

Acabo de saber con la mayor sorpresa y dolor la noticia de la inesperada desgracia que a Ud y a sus hijos abruma y tambien a quienes, como yo, hemos disfrutado de la afectuosa amistad de su inolvidable esposo -q.p.t.- arrebatado cuando parecía florecer en la mejor salud. En estas líneas le envío la expresión de la mas verdadera condolencia como tambien a sus queridos hijos deseando para Ud. y para ellos la suficiente serenidad cristiana, y la esperanza salvadora de la inmortalidad.

Con tan triste motivo queda de Ud. affectíssimo s. s.

q. b. s. m.

Ramón Otero Pedrayo

Desde Trasalba, o 24 de febreiro, envía unha carta en galego a Raimundo García Domínguez, Borobó, director do xornal, amigo dos dous e un dos Catorce de Osebe:

Meu querido amigo:

Quedei abraiado e tristísimo. Crespo de Betanzos semellaba dono de unha trunfadoira forza vital, espallaba xenerosa enerxía.

Esí cada día con máis medo de atopar unha cruz sobre o nome dun amigo ó abrir o xornal.

Xa non somos os vellos os que imos ficando en soedade. Tamén os novos.

E vai tamén meu verdadeiro pésame para amigos da Redacción.

Sempre un amigo

R. Otero Pedrayo

Frasalba, Ourense 24 de febreiro 1965
 Sr. don Ramón Otero Pedrayo
 Sant Xago de Compostela

Meu querido amigo:
 Euabei abraçado a Luís Crespo. Crespo de Be-
 Borobó remellaba dona de unha compañeira fronte de-
 do, espallaba ^{meu} ^{meu} ^{meu}
 Eri cabendo con máis de atopar unha luz entre o
 nome dos amigos e abría o corazón.
 Xa non somos os vellos os que imos ficando en nos-
 tade. Tancin os nosos.
 E así tancin nos vellos pasamos por amigos
 da Redacción

Sempre seu amigo
 R. Otero Pedrayo

A morte de Celestino Luís Crespo fixo que o grupo dos catorce de Osebe ficara só na memoria de moitos e principalmente na de Borobó quen nas súas crónicas lembraba os momentos felices e plenos cando eran Catorce. Don Ramón Otero Pedrayo foi o cronista seguidor do grupo, morre en abril de 1976. Borobó morre o 28 de agosto do ano 2003. A eles e a cantos do grupo dos catorce emprendan a viaxe estará esperándoos Celestino, o mellor anfitrión, nos eternos Caneiros celestes que constitúen para el a auténtica gloria.



Celestino Luis Crespo
 en 1954. Foto: AMB.